



Expte. 16/0673U (2016002149)

RESUMO NON TÉCNICO DO DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN SINGULAR N.º 25 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO MUNICIPIO DE NIGRÁN, REFERIDA A MEDIDAS DE REXENERACIÓN, REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN URBANA

1. INTRODUCCIÓN

1.1. O alcance da presente proposta de modificación singular das Normas Subsidiarias de Planeamento do Municipio de Nigrán (en adiante, NNSS) recóllese de xeito resumido no documento denominado *“resumo executivo da modificación singular n.º 25 das Normas Subsidiarias de Planeamento do municipio de Nigrán, referida a medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana”*.

O obxecto do presente documento é facilitar un resumo non técnico dun dos documentos que acompañan á proposta de modificación singular: o documento ambiental estratéxico.

A redacción deste documento insírese dentro dos trámites precisos para a aprobación da modificación singular, como punto de partida do procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

1.2. A avaliación ambiental estratéxica ten por obxecto integrar os aspectos ambientais na tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico. A través desta avaliación preténdese que tanto as autoridades chamadas a aprobar estes instrumentos como o conxunto da cidadanía coñezan e valoren as repercusións que poden ter no medio ambiente, consideren as alternativas ambientalmente viables e establezan as necesarias medidas de prevención, corrección, e, no seu caso, compensación dos efectos adversos para o medio ambiente.

1.3. A lexislación urbanística e ambiental prevé para o caso das modificacións do planeamento que o órgano ambiental (Xunta de Galicia) debe valorar se os cambios a introducir poden causar efectos significativos no medio ambiente.

Se o órgano ambiental considera que os cambios poden ter efectos significativos no medio, a tramitación da modificación singular debe someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica. Se pola contra o órgano ambiental considera que os cambios non teñen efectos significativos no medio, a modificación poderá aprobarse nos termos que se establezan polo dito órgano.

1.4. No noso caso o órgano ambiental emitiu informe no que non considerou que a modificación tivese efectos significativos no medio ambiente, polo que a mesma tramitarase tendo en consideración as manifestacións formuladas nese informe polo órgano ambiental.

2. OBXECTIVO DA MODIFICACIÓN SINGULAR

Con carácter xeral, a proposta de modificación singular ten por obxecto o seguinte:

1. Mellorar, actualizar e adaptar á lexislación vixente a regulación das edificacións preexistentes.
2. Mellorar a regulación das obras permitidas en edificacións obxecto de algún réxime de protección.





3. Actualizar a regulación dos materiais construtivos, dos elementos de composición das edificacións e a integración das mesmas na contorna.
4. Regular os equipamentos e fomentar a diversidade de usos compatibles nos núcleos rurais e urbanos.
5. Adecuar á lexislación vixente as condicións de urbanización, especialmente no solo urbano.
6. Integrar as enerxías renovables e minimizar a contaminación do solo e dos acuíferos.
7. Adaptar o planeamento á normativa aeroportuaria.
8. Adaptar o planeamento á normativa de costas.

Non se pretende a través desta modificación singular introducir cambios no modelo urbanístico das NNSS, pois tal tarefa corresponderá ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante, PXOM). Tampouco se pretende variar a clasificación ou cualificación do solo, aumentar a intensidade edificatoria nin a ocupación do territorio. De forma sinxela, preténdese introducir pequenas correccións na normativa que possibiliten, ou polo menos non obstaculicen, acadar os obxectivos marcados pola normativa vixente, e que corrixan certas deficiencias funcionais apreciadas pola oficina municipal de urbanismo durante a prolongada vixencia das NNSS.

3. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

3.1. As políticas expansivas na ordenación do territorio e o sobredimensionamento do parque de vivendas e solo comprometido para elo ten producido un efecto de abandono, degradación e empobrecemento do espazo urbano e das contornas rurais. Nigrán non foi alleo a este fenómeno.

Ao anterior engádesse a falta de políticas de recuperación, rehabilitación e posta en valor das edificacións existentes, a aparición de núcleos semiabandoados pola perda de poboación fronte aos crecementos periurbanos, e as dificultades administrativas para a renovación e consolidación das edificacións existentes como consecuencia dun planeamento urbanístico fillo doutra época e doutras sensibilidades.

Ante este escenario presentábanse ao Concello dúas alternativas: ou ben manter as NNSS na súa redacción actual, dramsticamente desactualizada e descontextualizada, ou ben tentar na medida do posible achegar as súas determinacións ás novas sensibilidades recollidas nas normas estatais e autonómicas mais recentes.

3.2. Valórouse, pois, a posibilidade de manter as NNSS na súa redacción actual (*Alternativa cero*) e agardar ata a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

En efecto, esta modificación singular tramítase ao mesmo tempo que o PXOM, instrumento de planeamento que realizará unha reordenación do municipio e que está chamado a rexer o seu desenvolvemento sustentable por un período amplo de tempo. Porén, a elevada complexidade técnica e longa tramitación requirida para a aprobación dese instrumento non deberían impoñer necesariamente a conxelación dun réxime obsoleto ata o momento no que teña lugar a aprobación do PXOM.

3.3. Considerouse, por tanto, que o mantemento das NNSS na súa redacción actual supoñía un prexuízo non asumible para o municipio, optándose por realizar as adecuacións mínimas e necesarias para dar cumprimento á normativa vixente nos eidos mencionados (*Alternativa 1*), respectando a ordenación e criterios xerais propostos nas NNSS, cuxa modificación será tarefa do PXOM.

Considerouse igualmente que esta modificación, visto o seu carácter fundamentalmente técnico, tampouco deturpará á ordenación proposta no PXOM en trámite





4. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

A modificación proxectada non modifica a clasificación do solo, nin incrementa a intensidade de usos prevista nas NNSS, nin altera os sistemas xerais previstos no planeamento.

Agárdanse que a implantación da modificación produza unha serie de efectos ambientais positivos:

- a) Posta en valor dos elementos tradicionais dos elementos construídos e da súa contorna, dada a e maior facilidade para a súa conservación e mantemento.
- b) Racionalización do sistema viario e redución do seu impacto na paisaxe e na contorna urbana.
- c) Mellora da eficiencia enerxética do parque inmobiliario existente, ao facilitarse a súa rehabilitación e conservación implantación as mellores técnicas dispoñibles.
- d) Redución do consumo de solo destinado a novas promocións inmobiliarias, ao fomentarse a renovación e rehabilitación do parque existente.
- e) Progresiva recuperación de poboación nos núcleos rurais ao fomentarse a renovación e rehabilitación do parque existente, densificando os mesmos e tornando en mais racional o uso e aproveitamento dos servizos urbanísticos existentes (abastecemento, saneamento, alumeados, etc).
- f) Contribuír á protección da paisaxe do municipio, clarificando o seu réxime de protección.

5. CONSIDERACIÓNS DO ÓRGANO AMBIENTAL

Como xa se indicou, o órgano ambiental da Xunta de Galicia considerou que a modificación proxectada non terá efectos significativos no medio ambiente. Non obstante, este órgano sinalou a necesidade de corrixir certas deficiencias detectadas por outros organismos consultados durante a tramitación.

Os cambios propóñense en relación coa protección do patrimonio cultural e teñen por obxecto evitar que a situación urbanística dos inmobles protexidos poda dificultar a súa rehabilitación e conservación. Á vista desta observación, introducíronse os cambios oportunos na modificación proxectada para corrixir e solventar esa deficiencia.

O TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
Nigrán, 8 de xaneiro de 2018

